

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2024 pola que se amplía o crédito orzamentario recollido na Resolución do 26 de xullo de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R).*

Os programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (Moves III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo están regulados polo Real decreto 266/2021, do 13 de abril, e foron convocados en Galicia pola Resolución do Inega do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149, do 5 de agosto).

A Resolución do Inega do 26 de xullo de 2021 pola que se convoca o Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Moves III) foi modificada pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG núm. 207, do 27 de outubro); pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG núm. 8, do 13 de xaneiro de 2022); pola Resolución do 13 de outubro de 2022 (DOG núm. 201, do 21 de outubro); pola Resolución do 12 de xuño de 2023 (DOG núm. 116, do 20 de xuño); e pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (DOG núm. 243, do 26 de decembro).

En canto á posibilidade de ampliar o orzamento previsto no Real decreto 266/2021, do 13 de abril, o anexo V do citado real decreto distribúe o orzamento entre as diferentes comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e este pode ser ampliado para as comunidades autónomas que o soliciten e que contén cun grao de execución adecuado, con solicitudes en lista de espera, como é o caso de Galicia.

De acordo con isto, a Xunta de Galicia solicitou unha segunda ampliación do orzamento asignado aos programas de incentivos previstos no Real decreto 266/2021, do 13 de abril. Conforme o recollido na Resolución do 4 de marzo de 2024, da Presidencia da EPE Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, M.P. (IDAE), pola que se amplía o orzamento do Real decreto 266/2021, do 13 de abril, apróbbase a ampliación de 4.700.000 € para asignar á Comunidade Autónoma de Galicia, dos cales 3.326.212,5 € se asignan á convocatoria de axudas.

O artigo 4.1 da convocatoria establece que as subvencións previstas nesta convocatoria se financiarán con cargo aos orzamentos do Inega (...). O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 40.562.718,36 euros.



O artigo 4.3 da convocatoria prevé a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios fixados nas bases que rexen esta convocatoria.

Conforme o disposto no artigo 4.3, de producirse a ampliación de crédito, publicarase no DOG e na páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e das condicións previstas na normativa anteriormente citada,

#### RESOLVO:

Primeiro. Ampliar os fondos destinados ao Moves III, modificando os puntos 1 e 2 do artigo 4 da Resolución do 26 de xullo de 2021, que quedan redactados do seguinte xeito:

«1. As subvencións previstas nesta convocatoria financiaranse con cargo aos orzamentos do Inega, coa repartición plurianual recollida na seguinte táboa. O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 43.888.930,71 euros.

Importe 2022 (€)	Importe 2023 (€)	Importe 2024 (€)	Importe 2025 (€)	Total
3.911.047,61	8.443.686,65	20.534.196,45	11.000.000,00	43.888.930,71

O orzamento por partida e anualidade redistribuirase tendo en conta as solicitudes rexistradas conforme o establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as seguintes partidas: 09.A3.733A.703.1, 09.A3.733A.744.2, 09.A3.733A.745.4, 09.A3.733A.762.1, 09.A3.733A.772.1 e 09.A3.733A.782.1.

2. O crédito máximo segundo a tipoloxía do proxecto será o seguinte:

Tipo de actuación	Orzamento total
Programa de incentivos 1: adquisición de vehículos eléctricos	25.443.207,45



Tipo de actuación	Orzamento total
Programa de incentivos 2: implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos	18.445.723,26
Total	43.888.930,71

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído pasados tres meses desde a apertura do prazo de solicitudes, para adaptarse á evolución da axuda solicitada en cada unha das epígrafes. Esta redistribución, de producirse, respectará en todo caso as porcentaxes establecidas no artigo 10.10 do Real decreto 266/2021 ata que finalice a vixencia da convocatoria. Finalizada a vixencia da convocatoria, poderá redistribuírse o orzamento nos termos recollidos no artigo 10.13 das bases reguladoras, polo que poderán tamén incorporarse, de ser o caso, os remanentes correspondentes ao orzamento que non se tivese podido destinar ao financiamento de investimentos directos pola Comunidade Autónoma».

Segundo. Esta modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Terceiro. Esta modificación entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, con efectos a partir do 10 de abril de 2021.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2024

Pablo Fernández Vila  
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

